



**D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 22 de febreiro de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

**2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DE RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN XERADOS NO TALLER DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 79712/250.**

Visto o informe de fiscalización do 13/02/18, dáse conta do informe-proposta do 12/02/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 12 de febreiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

**11.- Propostas de adxudicación**

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 25 de xaneiro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250) na seguinte orde descendente:*



	Licitador	% baixa ofertada
1	GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U.	12,50%

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.012,94 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., o día 26 de xaneiro de 2018, que presenta a documentación requirida o 8 de febreiro de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 12 de febreiro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., de acordo coas actuacións e os acordos adoptados pola Mesa de Contratación na sesión do 22 de xaneiro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 23/02/2018 09:06

Páxina 2 de 3

Expediente 79712/250

CSV: 24EB4-E83AE-C8AC5-AE82E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250) por un importe total de 200.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.181,82 euros, cunha baixa única do 12,50% sobre todos os prezos unitarios que figuran no Anexo I do PPT.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/02/2018 09:06	Páxina 3 de 3
Expediente 79712/250	CSV: 24EB4-E83AE-C8AC5-AE82E	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		